




C.P.R. Reyblanc

ESCOLA DE FORMACIÓN PROFESIONAL
EN PERRUQUERÍA E ESTÉTICA
Santiago de Compostela





C.P.R. REYBLANC

C.P.R. REYBLANC Escola de Formación Profesional en Perruquería e Estética, é un Centro de Formación en Santiago de Compostela que comezou a súa andaíña hai máis de 15 anos, no ano 1999.

No 2012, instalouse na rúa Angustias nº 2 da cidade compostelá, ampliando as súas instalacións para así poder fazer fronte a unha crecente demanda de alumnado que desexaba realizar estudos da familia profesional de Imaxe Persoal.

O valor engandido de C.P.R. REYBLANC é que constitúe tamén un Salón de Beleza polo que o alumnado está a realizar a parte práctica dos ciclos formativos que cursa dende o primeiro día de clase nunha entorna real de traballo.

TÍTULOS OFICIAIS

O Centro está homologado pola Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria (D.O.G 208/26/00/01- Nº de Centro 15032522) para impartir dous ciclos de grao superior e outros dous de grado medio.

Ciclos Grao Superior

Estilismo e Dirección de Peiteado. SIMP02

Asesoría en Imaxe Persoal. S12001

Ciclos Grao Medio

Estética e Beleza. MIMP01

Peiteado e Cosmética Capilar. MIMP02

C.P.R. REYBLANC é o único centro privado autorizado en Santiago de Compostela para impartir estes títulos oficiais e faino da man dun equipo docente altamente cualificado e con dilatada experiencia profesional no sector.

PRÁCTICAS EN EMPRESAS Para a realización de prácticas formativas por parte do seu alumnado, C.P.R. REYBLANC mantén convenios de colaboración con numerosas empresas do ámbito da perruquería, a estética, o benestar e a imaxe persoal.

ASESORAMENTO E AXUDAS. Santiago de Compostela, é, sen dúbida, a capital cultural de Galicia e a cidade estudiantil por antonomasia. O Centro asesora a cada alumno sobre as opcións da cidade para residir nela mentres realiza os seus estudos e sobre a oferta cultural da mesma, acompañando aos estudiantes a diversos eventos como a Galicia Fashion Week.

Asemade, C.P.R. REYBLANC xestiona as becas estatais do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para que o alumnado se beneficie destas axudas para cursar estudos de formación profesional. Amais, pon a disposición dos alumnos axudas especiais para familias numerosas.





CICLO SUPERIOR EN ESTILISMO E DIRECCIÓN DE PEITEADO

O Ciclo Superior de Formación Profesional de Estilismo e Dirección de Peiteado ten unha duración de dous cursos académicos, cun total de 2000 horas lectivas, das que 384 horas do segundo curso se desenvolverán en empresas como formación no centro de traballo (FTC), requisito indispensable para a obtención do título oficial unha vez superado o Ciclo.

Ciclo Superior de FP de Estilismo e Dirección de Peiteado

Título LOXSE: Técnico Superior en Estilismo e Dirección de Peiteado

Duración: 2000 horas.

Familia Profesional: Imaxe Persoal

Referente europeo na Clasificación Internacional Normalizada da Educación: CINE – 5b

Nivel: Grao Superior

Nº de alumnos: 20

Competencias profesionais

Con esta formación reglada o alumno adquire as competencias necesarias para dirixir e supervisar o desenvolvemento dos servizos de peiteado, planificar e realizar tratamentos capilares estéticos e deseñar estilismos de cambio de imaxe, respectando criterios de calidade, seguridade, respecto polo medio e deseño universal.

Aprenderás a:

- Dirixir e xestionar as actividades, organizando os recursos materiais, persoais e técnicos.
- Deseñar os protocolos de actuación, para estandarizar os procesos de peiteado.
- Analizar correntes e técnicas novedosas do mercado, xerando e ofertando estilos propios que se adecúen ás demandas dos clientes.
- Organizar o aprovisionamento e mantemento da empresa, controlando a calidade e a documentación.
- Analizar o cabelo e coiro cabeludo do cliente, utilizando instrumentos de diagnóstico.
- Analizar a imaxe integral do cliente, relacionando as súas demandas cos elementos que conforman o estilo persoal.



- Deseñar e organizar a realización de cambios de estilo no cabelo, empregando técnicas innovadoras de peiteado.
- Asesorar en coidados de peiteado a clientes con necesidades especiais, informando sobre técnicas, materiais e cosméticos.
- Supervisar e realizar peiteados para producións audiovisuais, escénicas, publicitarias e de moda, aplicando técnicas clásicas e avanzadas.
- Supervisar e aplicar tratamentos capilares, integrando técnicas electroestéticas, cosmetológicas e manuais segundo diagnóstico previo.
- Asesorar o cliente, informando dos efectos dos tratamientos e cosméticos, a súa relación coa fisioloxía cutánea, os hábitos de vida saudables e das precaucións a seguir antes, durante e despois da súa aplicación.

Perspectivas Profesionais

Con este título oficial poderás traballar na dirección de procesos de peiteado en empresas dedicadas ao sector e en producións audiovisuais e escénicas, onde se desenvolven tarefas individuais e en grupo nas áreas funcionais de deseño e innovación, organización e prestación de servizos, comercialización, loxística, calidade, prevención de riscos e xestión ambiental.

Neste entorno profesional, actúase por conta propia, cun alto grao de autonomía, assumindo labores de xestión e dirección, ou por conta allea, integrándose nun equipo de traballo con persoas dun nivel de cualificación igual, inferior ou superior.

Saídas laborais

As ocupacións e postos de traballo máis relevantes ás que se accede son:



- Director técnico en empresas de peiteado.
- Director técnico artístico de peiteado en producións audiovisuais, escénicas e de moda.
- Especialista en tratamentos capilares.
- Asesor artístico/a de peiteado.
- Estilista.
- Especialista en próteses capilares e postizaría.
- Conselleiro avaliador de empresas de peiteado.
- Experto en coidados capilares en clientela con necesidades especiais.
- Técnico en análise capilar.
- Peiteador especialista.
- Traballador cualificado en clínicas capilares e centros de medicina e cirurxía estética.
- Técnico comercial.
- Asesor de imaxe.
- Formador técnico en peiteado.
- Asesor de venda e demostrador de produtos e aparellos de peiteado.
- Asesor de prensa especializada en imaxe persoal e peiteado.



Módulos que componen o Ciclo

CURSO	MÓDULO	HORAS
1º	MP1064 Dermotricoloxía	160
1º	MP1074 Formación e orientación laboral	107
1º	MP1072 Peiteado en coidados especiais	80
1º	MP1067 Procedementos e técnicas de peiteado	293
1º	MP0750 Procesos fisiológicos e de hixiene en imaxe persoal	133
1º	MP1065 Recursos técnicos e cosméticos	187
2º	MP1071 Dirección e comercialización	87
2º	MP1075 Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP1069 Estilismo en peiteado	175
2º	MP1070 Estudo da imaxe	87
2º	MP1076 Formación en centros de traballo	384
2º	MP1068 Peiteados para producións audiovisuais e de moda	123
2º	MP1073 Proxecto de estilismo e dirección de peiteado	26
2º	MP1066 Tratamentos capilares	105

Requisitos de acceso

Acceso directo:

- Estar en posesión do Título de Bacharel L.O.G.S.E.
- Ter superado o segundo curso de calquera modalidade de Bacharelato experimental
- Estar en posesión dun Título de Técnico Superior, Técnico Especialista ou equivalente a efectos académicos.
- Ter superado o Curso de Orientación Universitaria (COU).
- Estar en posesión de calquera Titulación Universitaria ou equivalente.

Acceso mediante proba (para quienes non teñan algún dos requisitos anteriores)

- Ter superado a proba de acceso a ciclos formativos de grao superior que convoca a Consellería de Educación (requírese ter polo menos 19 anos no ano que se realiza a proba ou 18 para quienes posúen o título de Técnico)

Acceso e vinculación a outros estudos

Poderás seguir estudiando:

- Cursos de especialización profesional.
- Outro Ciclo de Formación Profesional de Grao Superior coa posibilidade de establecer convalidacións de módulos profesionais de acordo á normativa vixente.
- Ensinanzas Universitarias coa posibilidade de establecer convalidacións de acordo coa normativa vixente.



CICLO SUPERIOR EN ASESORÍA EN IMAXE PERSOAL

O Ciclo formativo de Grao Superior de Asesoría de Imaxe ten unha duración de dous cursos académicos, cun total de 1700 horas lectivas, das que 740 se desenvolverán no segundo curso en empresas como formación no centro de traballo (FTC), requisito indispensable para a obtención do título oficial unha vez superado o Ciclo.

Ciclo Superior de FP de Asesoría en Imaxe Persoal

Título LOXSE: Técnico Superior en Asesoría en Imaxe Persoal

Duración: 1700 horas.

Familia Profesional: Imaxe Persoal.

Referente na Clasificación Internacional Normalizada da Educación: CINE-5b.

Nivel: Grao Superior.

Nº de alumnos: 20

Competencias profesionais

Con este Ciclo Superior adquirírense as competencias para exercer como técnico superior en Asesoría de Imaxe Persoal e potenciar a imaxe persoal dun individuo e o seu contorno ou dun colectivo, adecuando todos os aspectos da presencia, o comportamento e o contorno ás distintas situacións, conductas e actividades, mediante a aplicación de técnicas de estética, perruquería, protocolo, vestuario e expresión verbal e corporal.

Asemade, realizar a administración, xestión e comercialización nunha empresa dedicada á asesoría de imaxe persoal ou integrarse nun equipo multidisciplinar, optimizando o desenvolvemento da actividade empresarial, baixo a supervisión correspondente.

Ao finalizar os teus estudos serás capaz de:

- Asesorar sobre aspectos relativos a embelecemento persoal e supervisar a execución técnica dos cambios propostos.
- Asesorar ao cliente sobre o estilo e a liña de indumentaria e complementos que se deben adoptar.
- Asesorar ao cliente nas actuacións de protocolo e nos usos e habilidades sociais.
- Asesorar ao cliente sobre os aspectos relacionados coa imaxe que ha de ofrecer na súa comparecencia ante públicos e audiencias e na adecuación da imaxe do seu entorno á súa imaxe persoal.
- Realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa.





Perspectivas profesionais

Coa obtención deste título oficial se traballa no área de asesoría de imaxe persoal e nas funcións de organización da prestación do servizo, prestación do servizo, así como na administración e organización da empresa.

Poderás exercer a túa actividade profesional no sector da imaxe persoal público y privado, en empresas privadas do sector ou creando a túa propia empresa.

Saídas laborais

As ocupacións e postos de traballo más relevantes que se desempeñan son:

- Director artístico de salóns de perrucaría
- Asesor de imaxe
- Estilista en publicacións de moda e en publicidade
- Seleccionador de persoal
- Formador de persoal
- Asesor de protocolo.
- Técnico en relaciones públicas.

Este técnico exerce a súa actividade profesional dentro do subsector de "Servizos Sociais" e máis concretamente na actividade de asesoría de imaxe persoal, desenvolvendo os procesos de asesoramento e atención permanente ao cliente en:

- Equipos multidisciplinares de asesoramento sobre imaxe persoal e comunicación.
- Departamentos de selección e formación persoal.
- Departamentos de peiteado e de estética en empresas dedicadas ao tratamento da imaxe persoal integral.
- Publicidade e medios de comunicación visual.
- Salóns de peiteado e institutos de beleza.
- Clínicas de medicina estética.

Módulos que componen o Ciclo:

CURSO	MÓDULO	HORAS
1º	CSAXCE Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80
1º	CS0274 Asesoría de belleza	105
1º	CS0279 Estilismo no vestir	160
1º	CS0FOL Formación e orientación laboral	55
1º	CSHC55 Horas á disposición do centro	55
1º	CS0283 Imaxe persoal e comunicación	80
1º	CS0286 Protocolo e usos sociais	105
1º	CS0287 Proxecto integrado	55
1º	CS0RCT Relacións no contorno de traballo	55
1º	CS0289 Técnicas de embelejecemento persoal	210
2º	CS0281 Formación en centros de traballo	740

Requisitos de acceso



Acceso directo:

- Estar en posesión do Título de Bacharel L.O.G.S.E.
- Ter superado o segundo curso de calquera modalidade de Bacharelato experimental
- Estar en posesión dun Título de Técnico Superior, Técnico Especialista ou equivalente a efectos académicos.
- Ter superado o Curso de Orientación Universitaria (COU).
- Estar en posesión de calquera Titulación Universitaria ou equivalente.

Acceso mediante proba (para quenes non teñan algún dos requisitos anteriores)

- Ter superado a proba de acceso a ciclos formativos de grao superior que convoca a Consellería de Educación (requírese ter ao menos 19 anos no ano que se realiza a proba ou 18 para quenes posúen o título de Técnico)

Acceso e vinculación a outros estudos

Poderás seguir estudiando:

- Cursos de especialización profesional.
- Outro Ciclo de Formación Profesional de Grao Superior coa posibilidade de establecer convalidacións de módulos profesionais de acordo á normativa vixente.
- Ensinanzas Universitarias coa posibilidade de establecer convalidacións de acordo coa normativa vixente.



CICLO MEDIO EN ESTÉTICA E BELEZA

O Ciclo Medio de Formación Profesional de Estética e Beleza ten unha duración de dous cursos académicos, cun total de 2000 horas lectivas, das que de 410 do segundo curso se desenvolverán en empresas como formación no centro de traballo (FTC), requisito indispensable para a obtención do título oficial unha vez superado o Ciclo.

Ciclo Medio de FP en Estética e Beleza

Duración: 2000 horas.

Familia Profesional: Imaxe Persoal.

Referente na Clasificación Internacional Normalizada da Educación: CINE-3.

Nivel: Formación Profesional de Grao Medio

Nº de alumnos: 20

Competencias profesionais

Con este Ciclo Medio adquírense as competencias para exercer como técnico en Estética e Beleza e aplicar técnicas de embelecemento persoal e comercializar servizos de estética, cosméticos e perfumes, cumplindo os procedementos de calidade e os requisitos de prevención de riscos laborais e protección ambiental establecidos na normativa.



Con este ciclo aprenderás a desenvolver as seguintes tarefas:

- Aplicar coidados estéticos e técnicas de estética persoal decorativa.
- Asesorar a clientela no seu ámbito de competencia.
- Presentar e promover produtos, utensilios e aparatos de uso en beleza.
- Administrar, xestionar e organizar un salón de beleza

Perspectivas Profesionais

Esta figura exerce a súa actividade profesional dentro de medianas e pequenas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, nomeadamente en establecementos do sector de servizos de estética e peiteado, e en xeral en establecementos relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal, así como coa cosmética, desempeñando tarefas de execución de maquillaxe social, depilación mecánica, tratamentos básicos de hixiene,

hidratación facial e corporal, estética de mans e pés, asesoramento sobre perfumes e cosmética natural, así como a comercialización dos produtos e os servizos estéticos, ofrecendo un servizo de atención á clientela da empresa en:



- Salóns de beleza.
- Departamentos de beleza de empresas dedicadas ao tratamento da imaxe persoal integral.
- Equipos técnicos dependentes de laboratorios e casas comerciais que desenvolvén a súa actividade no ámbito da estética, como probadores, demostradores e vendedores.
- Hospitais, centros xeriátricos e empresas de servizos fúnebres.
- Clínicas de medicina estética.
- Departamento de estética das TV.
- Estudos de gravacións.
- Estudos de fotografía e vídeo.
- Escolas de modelos profesionais, pasarelas de moda, etc.
- Escolas de asesoría de imaxe
- Tamén podería ser persoal traballador por conta propia efectuando a organización da súa propia empresa

Saídas laborais

As ocupacións e postos de traballo máis relevantes ás que se accede son:

- Técnico esteticista en centros de beleza e gabinetes de estetica
- Maquillador
- Técnico en uñas artificiais
- Técnico en depilación
- Representante y demostrador de laboratorios y firmas comerciales en equipamentos, cosméticos e técnicas estéticas.
- Especialista en prótesis de uñas.
- Técnico en manicura y pedicura.
- Asesor de beleza
- Axente comercial en empresas do sector
- Recepcionista en empresas estéticas



Módulos que componen el Ciclo

CURSO	MÓDULO	HORAS
1º	MP0639 Actividades en cabina de estética	157
1º	MP0638 Análise estética	107
1º	MP0641 Cosmetoloxía para estética e beleza	160
1º	MP0635 Depilación mecánica e descoloración da peluxe	140
1º	MP0645 Empresa e iniciativa emprendedora	53
1º	MP0636 Estética de mans e pés	107
1º	MP0644 Formación e orientación laboral	107
1º	MP0637 Técnicas de uñas artificiais	105
1º	MP0640 Imaxe corporal e hábitos saudables	133
1º	MP0634 Maquillaxe	160
1º	MP0643 Márketing e venda en imaxe persoal	70
1º	MP0642 Perfumaría e cosmética natural	105
1º	MP0633 Técnicas de hixiene facial e corporal	186
2º	MP0646 Formación en centros de traballo	410



Requisitos de acceso

Acceso directo:

- Estar en posesión do Título de Grado en Educación Secundaria Obrigatoria ou dun nivel académico superior.
- Estar en posesión dun título de Técnico ou de Técnico Auxiliar ou equivalente a efectos académicos.
- Ter superado o segundo curso de Bacharel Unificado ou Polivalente (BUP).

Acceso mediante proba (para quenes non teñan algún dos requisitos anteriores)

- Ter superado a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio que convoca a Consellería de Educación (requírese ter polo menos 17 anos cumplidos no ano que se realiza a proba)

Acceso e vinculación a outros estudos

Poderás seguir estudiando:

- A preparación para realizar a proba de acceso a ciclos de grao superior.
- Outro ciclo de Formación Profesional de Grao Medio coa posibilidade de establecer validacións de módulos profesionais de acordo á normativa vixente.
- O Bacharelato en calquera das súas modalidades.



CICLO MEDIO EN PEITEADO E COSMÉTICA CAPILAR

O Ciclo Medio de Formación Profesional de Peiteado e Cosmética Capilar ten unha duración de dous cursos académicos, cun total de 2000 horas lectivas, das que máis de 400 do segundo curso se desenvolverán en empresas como formación no centro de traballo (FTC), requisito indispensable para a obtención do título oficial unha vez superado o Ciclo.

Ciclo Medio de FP de Peiteado e Cosmética Capilar

Título: Técnico en Peiteado e Cosmética Capilar

Duración: 2000 horas.

Familia Profesional: Imaxe Persoal.

Referente na Clasificación Internacional Normalizada da Educación: CINE-3b.

Nivel: Formación Profesional de Grao Medio

Nº de alumnos: 20

Competencias profesionais

Con este Ciclo Medio adquírense as competencias para realizar o coidado e o embelezamento do cabelo, a estética de mans e pés e o estilismo masculino, así como comercializar servizos e venda de cosméticos, cumprindo os protocolos de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

Aprenderás a:

- Recepcionar, almacenar e distribuír o material de peiteado, controlando o seu consumo e o stock.
- Atender ao cliente en todas as fases do proceso, aplicando procedementos establecidos.
- Comprobar o estado do cabelo e coiro cabeludo, manexando instrumentos de observación.
- Preparar e poñer a punto o posto de traballo e instalacións, manténdoos en condicións óptimas para a súa utilización.
- Realizar cambios de forma permanentes no cabelo, seguindo as especificacións establecidas.
- Tinguir e descolorar o talo capilar seleccionando cosméticos, técnicas e procedementos.
- Cambiar a lonxitude do cabelo seleccionando ferramentas, accesorios e útiles segundo as diferentes técnicas e estilos de corte.





- Efectuar peiteados e recollidos, con ou sen próteses pilosas, personalizándoos e adaptándoos ás necesidades do cliente.
- Aplicar técnicas de manicura e pedicura para o embelecemento e coidados das mans, pés e uñas.
- Realizar técnicas de barbaría e peiteado masculino identificando as demandas e necesidades do cliente.

Perspectivas Profesionais

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade en empresas de imaxe persoal dedicadas aos procesos de peiteado de uso social, onde desenvolverán tarefas de prestación de servizos, comercialización, aprovisionamento, calidade, protección fronte a riscos e control de efluentes e residuos. Estes profesionais adoitan

actuar por conta allea, integrándose en equipos de traballo con persoas cun nivel de cualificación igual, inferior ou superior..

Saídas laborais

As ocupacións e postos de traballo máis relevantes ás que se accede son:

- Peiteador/ora.
- Barbeiro/a.
- Técnico/a en coloracións capilares.
- Técnico/a en cambios de forma do cabelo.
- Técnico/a en corte de cabelo.
- Técnico/a en postizaria.
- Técnico/a en manicura.
- Técnico/a en pedicura.
- Técnico/a ou axente comercial de empresas do sector.
- Recepcionista en empresas de peiteado.
- Demostrador/ora de equipamentos, cosméticos e técnicas de peiteado.



Módulos que componen o Ciclo

CURSO	MÓDULO	HORAS
1º	MP0636. Estética de mans e pés.	107
1º	MP0640. Imaxe corporal e hábitos saudables.	133
1º	MP0849. Análise capilar.	107
1º	MP0844. Cosmética para peiteado.	160
1º	MP0842. Peiteados e recollidos.	266
1º	MP0848. Peiteado e estilismo masculino.	80
1º	MP0851. Formación e orientación laboral.	107
2º	MP0845. Técnicas de corte do cabelo.	210
2º	MP0846. Cambios de forma permanente do cabelo.	87
2º	MP0643. Márketing e venda en imaxe persoal.	70
2º	MP0843. Coloración capilar.	210
2º	MP0852. Empresa e iniciativa emprendedora.	53
2º	MP0853. Formación en centros de traballo.	410

Requisitos de acceso

Acceso directo:

- Estar en posesión do Título de Grado en Educación Secundaria Obrigatoria ou dun nivel académico superior.
- Estar en posesión dun título de Técnico ou de Técnico Auxiliar ou equivalente a efectos académicos.
- Ter superado o segundo curso de Bacharel Unificado ou Polivalente (BUP).

Acceso mediante proba (para quienes non teñan algún dos requisitos anteriores)

- Ter superado a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio que convoca a Consellería de Educación (requírese ter ao menos 17 anos cumplidos no ano que se realiza a proba)

Acceso e vinculación a outros estudios

Poderás seguir estudiando:

- A preparación para realizar a proba de acceso a ciclos de grao superior.
- Outro ciclo de Formación Profesional de Grao Medio coa posibilidade de establecer validacións de módulos profesionais de acordo á normativa vixente.
- O Bacharelato en calquera das súas modalidades.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DOS CICLOS

A parte dos exercicios teórico-prácticos programados para cada módulo, C.P.R. REYBLANC organiza varias experiencias pedagógicas extraordinarias, fóra do horario reglamentado ao longo de todo o curso. Estas iniciativas parten da convicción de que o alumnado ten que estar en contacto permanente co sector laboral no que vai desenvolver a súa actividade profesional. Poden ser resumidas en tres grandes grupos:

1. Visitas de técnicos especialistas ao Centro

O interese educativo destas experiencias ten como finalidade que o alumnado coñeza de primeira man as condicións reais dos traballadores dos sectores de actividade da familia profesional de Imaxe Persoal. Estas visitas organizaranse mediante unha charla-coloquio informal que prioriza a relación directa entre profesionais e alumnos/as, para que estes amosen as súas inquedanzas e dúbihdas sobre as distintas facetas do seu futuro labor e, por extensión, do sector no que traballarán.

2. Visitas do alumnado a centros de traballo

En canto a estas actividades, o seu interese educativo radica na posibilidade de que os alumnos/as poidan coñecer `in situ` as condicións laborais do sector en Galicia. Para levalo a cabo C.P.R. REYBLANC xestiona os permisos previos e transportes necesarios, establece o contacto coas persoas responsables da producción no centro de traballo e que, a súa vez, sirva de guía da estancia visitada. Neste punto, cómpre destacar que o Centro colaborou en varias edicións na producción dos Premios da Academia Galega do Audiovisual, os Premios Mestre Mateo.

3. Cursos complementarios

Dende C.P.R. REYBLANC considérase convinte completar a formación reglada para os Ciclos con cursos enfocados á especialización en ámbitos específicos, especialmente no eido das novas tecnoloxías. Por iso, ao longo do ano celebra diversos cursos complementarios como Uñas de xel, Redes Sociais ou Personal Shopper, con prezos especiais para o alumnado dos ciclos reglados.

